Roteiro da Fraga de Quiroga

Un paseo por un Monumento Natural



A fraga de Quiroga trátase dun bosque caducifolio mixto, principalmente conformado por castiñeiros e carballos, que ocupa case 5 hectáreas preto do lugar de Quintela, na parroquia de Catasós. Debido á súa singularidade e ao seu valor botánico e paisaxístico, a mediados do século pasado a FAO, reclamara a protección desta fraga. No ano 1998 foi adquirida pola Xunta de Galicia. Na actualidade ten a declaración de Monumento Natural dende o ano 2000, e algúns dos seus exemplares forman parte do catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.